

TRADUCINDO E APRENDENDO

Comezaron os traballos do proxecto CABAL. Para quen non o saiba, trátase dunha práctica de tradución de textos do galego ao castelán e do castelán ao galego. Unha práctica que conta coa colaboración da Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo.


Este curso, a titora das prácticas é Rexina Vega (profesora na Facultade e tamén ex-profesora do noso instituto).

A práctica consiste na tradución de dous libros a cargo de alumnado de 3º e 4º da ESO. Os de 3º ESO van traducir ao castelán a obra **Erros e tánatos** de Gonzalo Navaza e os de 4º ESO van traducir do castelán ao galego a obra **Tuva** de Gonzalo Moure. Zaira e Rubén van supervisar os "erros" (que non os tánatos !) do alumnado de 3º e Lucía e Inés van mergullarse nas chairas de Tuva que o alumnado de 4º nos vai achegar á nosa lingua.

Agora o proceso está en marcha e os nosos tradutores e tradutoras están facendo a parte que lles corresponde.



Rexina Vega, Zaira, Rubén, Lucía e Inés na primeira sesión celebrada no centro.



Andadura galega.

Aquí tedes a Eliana con Gitana, unha egua moi tranquila.

E NO PRÓXIMO SUPERTURONIO...

O Courel, Canadá, Gala do deporte, **COCIÑEMOS COMA GALEGOS**, carreira pola igualdade,... e moito máis.


SUPERTURONIO

IES TERRA DE TURONVO. CURSO 2015-16. MARZO 2016

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



O MUSEO CIENTÍFICO. Andrés Torres 3º C



O mércores día 20 de xaneiro, visitounos aos alumnos de 3º o museo científico na nosa biblioteca. Dous monitores de “ciencia en movemento” amosáronnos varios exemplos onde podemos atopar a física. Dende o funcionamento do primeiro ordenador, ata o dunha lámpada de plasma. Había moita variedade de obxectos, pero os que máis destacaron foron: a lámpada de plasma, unha esfera que no seu interior contén uns raios de cores gracias a unha mestura de varios gases a baixa presión. Cando contactas coa esfera, un raio aproxímase ao teu dedo, dando a impresión de estar contactando directamente con el.

Outro que triunfou, foi a fibra óptica. Os alumnos estabamos tocando o cabelo da fibra de seguido, e a súa punta cambiaba de cor.

A xornada continuou varios días despois, cunha presentación do noso profesor de física e química na entrada do centro. A exposición, patrocinada pola universidade de Vigo, baseouse na gran cantidade de recursos naturais que temos en Galicia. Falounos das enerxías renovables e da contaminación ambiental. Recursos naturais como muíños eólicos que funcionan grazas ao vento, obtendo electricidade. Tamén temos centrais hidroeléctricas que funcionan grazas á forza da auga dos ríos e dos encoros. Foi una grande experiencia, aprendemos moitas cousas, e pasámolo moi ben.



A DOBRAXE. Por J. Antonio e Sofía.



O día 13 de xaneiro veu ao noso centro un profesional do mundo da dobraxe para darnos unha charla sobre este tema. Realmente foi un obradoiro no que traballamos sobre dous textos que tivemos que ir lendo un por un.

Segundo nos ía dando os textos, dicíanos de que maneira tiñamos que lelos, ademais introducía algunhas demostracións polo medio. A verdade é que era moi bo, deixounos abraizados a todos e todas. Tiña un dominio da súa voz increíble.

A algúns fíxolles pórse en parellas e interpretar unha conversa entre un home que recibía unha "bronca" da súa muller, e cousas así. Tamén sacou a Unai e a Andrea para gravalos facendo de dous trens dos Chágington. O certo é que moi ben non o fixeron, pero aínda así botámonos unhas risas. Encantaríanos repetilo. Se algún día teño tempo gustaríame facer ese ciclo de 100h que nos comentou.

Nesta charla que tivemos os alumnos de terceiro aprendemos todo o que se atopa detrás de todos os programas de televisión. É increíble como se pode xogar coa voz e as maneiras de que ao entoar podamos saber como é ese personaxe, a súa personalidade e todos os trazos psicolóxicos das súas frases. Todos nós aprendemos o difícil que pode ser este traballo que moitos descoñecemos. Foi unha boa experiencia para todos.